

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	12
4.1. Concrecións metodolóxicas	73
4.2. Materiais e recursos didácticos	76
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	78
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	79
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	80
6. Medidas de atención á diversidade	80
7.1. Concreción dos elementos transversais	81
7.2. Actividades complementarias	82
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	83
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	85
9. Outros apartados	86

1. Introducción

1. INTRODUCCIÓN

Coa Programación Didáctica, intentamos converter uns obxectivos nun proxecto planificado de traballo que adapte unha metodoloxía teórica a unha praxis determinada e que achegue uns contidos a un contexto concreto.

Deste xeito, esta proposta educativa pretende ser o lugar onde conflúan os obxectivos xerais propostos polo marco legal que rexe o ensino coa práctica concreta do Departamento e a realidade específica do noso alumnado e permitir a adquisición das competencias clave.

Así pois, o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora, na súa xusta medida, compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía, e á actividade física.

1.1.- Contextualización da área.

O eixe do currículo de Lingua castelá e Literatura son as habilidades e competencias relacionadas coa adecuada interacción oral, escrita e audiovisual nos diferentes ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como coa promoción do hábito de lectura, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e da vida cotiá) y do coñecemento dun patrimonio cultural.

A reflexión explícita sobre o funcionamento da linguaxe proporciona a ferramenta precisa para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes campos.

A finalidade da nosa área oríentase cara a eficacia comunicativa, como favorecer o uso ético da linguaxe, de maneira que poña as palabras ao servizo da convivencia, da resolución crítica e dialogada de conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais, baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Desta maneira, contribúese ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao finalizar a educación básica, coa finalidade de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida.

Desde este Departamento entendemos que existen valores que deben constituir o marco do noso traballo. Este marco queda plenamente establecido grazas á centralidade da asignatura de Lingua castelá e Literatura que se pon de manifesto na súa presenza como materia troncal ao longo de todos os períodos educativos do ensino obrigatorio. O tratamento conxunto da lingua e da literatura, tal como se establece no actual deseño do sistema educativo, ten antecedentes históricos e presenta aspectos ventaxosos como son a integración de saberes, motivación do alumnado e reforzo dunha aprendizaxe multidisciplinar.

Os obxectivos da nosa materia na ESO supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na ESO, a materia de Lingua castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálle acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de sí mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia, oríentase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprezo á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de forma case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e

buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos orgánzanse en cinco bloques.

-As linguas e os seus falantes.

- Comunicación: comprensión oral e escrita.

- Comunicación: expresión oral e escrita.

- Educación literaria.

- Reflexión sobre a linguaxe.

Así, o bloque de "As linguas e os seus falantes" permite achegar ao alumnado ao coñecemento da diversidade lingüística do seu entorno máis próximo, de España como estado plurilingüe e do mundo. A través deste coñecemento, fomentaranse os valores de respecto cara a diversidade lingüística e a valoración da riqueza cultural que esta supón. Por outra parte, permite a posibilidade de establecer conexións entre unhas linguas e outras á hora de reflexionar sobre cuestións lingüísticas.

O bloque de "Comunicación: comprensión oral e escrita" dota ao alumnado da capacidade de comprender os diversos textos orais e escritos empregados tanto no ámbito académico como social y, por conseguinte, de poder participar de maneira activa nas múltiples situacións que poidan darse nestes ámbitos. Trátase de que os alumnos e alumnas poidan adquirir as habilidades necesarias para poder expresar as súas ideas e realizar discursos cada vez máis elaborados acordes á situación comunicativa concreta, e escoitar activamente interpretando de maneira correcta as ideas dos demais. Para isto, faise necesaria unha selección de textos procedentes dos medios de comunicación, así como de aqueles que permitan exemplificar a realidade académica.

O bloque de "Comunicación: expresión oral e escrita" potencia a comprensión e composición de textos escritos, que proceden das relacións interpersoais e coas institucións, dos medios de comunicación e do entorno académico, entre outros ámbitos. É fundamental achegarse aos medios de comunicación e traballar na comprensión dos seus escritos, que posteriormente poden servir de modelos para a produción propia. Tanto nas tarefas de comprensión como de composición é imprescindible o uso e manexo de diferentes fontes de información como os dicionarios, enciclopedias, webs educativas, etc.

O bloque de "Educación literaria" tamén favorece decisivamente o progreso na competencia en comunicación lingüística, pois a través da lectura, entendida non só como fonte de pracer, senón tamén de ampliación de coñecementos e enriquecemento cultural, prodúcese unha valiosa aportación léxica que favorece o desenvolvemento da capacidade de comprensión e expresión do alumnado. Ademais, a través do comentario de texto e da utilización sistemática e rigorosa de técnicas de escritura, o alumnado coñecerá e interpretará as obras de autor e creará as propias, explorando as diversas posibilidades e recursos expresivos estudados.

O bloque de "Reflexión sobre a linguaxe", en tanto que implica o estudo das vertentes fonolóxica, gramatical e léxico-semántica, tamén contribúe a adquirir a competencia comunicativa. Neste sentido, considerámos necesario abordar o desenvolvemento destas vertentes subordinándoo ao da competencia funcional ou pragmática. Así que, ademais do estudo da lingua como sistema, realizaremos unha reflexión sobre esta co obxecto de que o coñecemento dos seus aspectos conceptuais proporcione ao alumnado unha mellor aprendizaxe da lingua. Esta reflexión permitirá transferir este coñecemento ao estudo de linguas estranxeiras e facilitará o seu proceso de aprendizaxe.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º ESO nas seguintes doce unidades didácticas:

- "¿Soy un bicho raro?". Nesta unidade incídese na importancia da lingua para compartir gustos, intereses e emocións; para comprender mellor o entorno e para integrar e crear. En literatura, partírase da reflexión sobre os soportes, as finalidades e as características xerais das obras literarias.

- "Aires de familia". Centraremos esta unidade no coñecemento da diversidade cultural e lingüística da clase, en particular, e da sociedade, en xeral. En literatura, abordaranse as características especiais da linguaxe literaria.

- "Quiero ser". Unidade orientada a identificar os prexuízos de xénero no ámbito profesional, e a visibilizar as desigualdades entre homes e mulleres no eido laboral. En literatura, trataranse os grandes temas da literatura.

- "Desconectados". Unidade centrada en desterrar prexuízos sobre a falta de ferramentas informáticas das persoas maiores coa finalidade de acabar coa fenda entre as persoas novas e as de idade no acceso ás novas tecnoloxías e á alfabetización dixital. En literatura, achegarémonos aos xéneros literarios e as súas características.

- "Brazos abiertos". Unidade centrada na concienciación da importancia da interculturalidade, a través do desenvolvemento de actitudes de empatía cara ás persoas que chegan desde outro país e as súas circunstancias. En literatura, abordaranse os personaxes literarios.

- "Se admiten animales". Esta unidade incide na importancia de diferenciar entre noticias verosímiles e noticias verdadeiras. En literatura, centraremos a unidade presente no coñecemento do xénero narrativo e as súas convencións.

- "Como en casa". Unidade centrada no texto descritivo e a súa importancia para obter e transmitir información. En literatura, comezaremos co estudo dun subxénero narrativo: o conto.
- "Nos movemos". Unidade centrada na descrición de lugares, e a partir desta, na reflexión sobre as inxerencias e curiosidades do alumnado por coñecer outros lugares e culturas. En literatura, abordarase o coñecemento do mito e da lenda.
- "Lo que leo". Unidade centrada no fomento da lectura no centro escolar e na importancia de desenvolver habilidades para un uso seguro, responsable e crítico das novas tecnoloxías e das redes sociais. En literatura, procederase ao estudo da novela e a súa clasificación.
- "Pasión por el deporte". Unidade centrada no coñecemento do texto dialogado e na importancia do dereito ao acceso e transmisión de información veraz, e á comunicación de maneira libre. En literatura, procederase ao estudo do xénero lírico e as súas convencións.
- " No quiero bolsa". Unidade centrada nos textos prescritivos para, a partir deles, incidir no uso e manexo responsable e crítico das tecnoloxías dixitais na creación e publicación de contidos. En literatura, procederase ao estudo de diferentes versos e estrofas.
- "¡No es justo!". Unidade centrada no texto expositivo e, a partir del, na adquisición e transmisión de información sobre a defensa dos dereitos humanos e os valores democráticos en calquera contexto, especialmente na realidade xuvenil, como eixe fundamental na resolución pacífica de conflitos. En literatura, abordarase o xénero teatral e as súas convencións.

En definitiva, a materia de Lingua castelá e Literatura desta etapa conecta directamente coa de etapas anteriores, tanto en obxectivos como en criterios de avaliación e en contidos, dando continuidade na aprendizaxe e respectando o desenvolvemento psicolóxico e o progreso cognitivo do alumnado. O alcance destes obxectivos ao longo da etapa medirase a través dos criterios de avaliación e levarase a cabo a través da mobilización dun conxunto de contidos que integren coñecementos, habilidades e actitudes comúns para todo o alumnado.

1. 2.- CONTEXTUALIZACIÓN.

Touro está situado ao sur da provincia de A Coruña, limitando co río Ulla, que o separa do concello de Vila de Cruces (Pontevedra). Ao norte limita co término de O Pino; ao leste, con Arzúa, e ao oeste, con Boqueixón.

Ten unha poboación de 3.800 habitantes estendida ao longo 115,34 km² de superficie.

Deste xeito, o noso centro está situado nun ambiente fundamentalmente rural, de forma que as actividades predominantes das familias do alumnado son a agrícola e a gandeira.

O noso centro é un CPI, polo que nel impártense as seguintes ensinanzas:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.

Consta de boas instalacións: biblioteca, aula de audiovisuais, aula de informática, aulas ABALAR, EDIXGAL (en Primaria), laboratorio, taller, aula de Plástica e departamentos, polo que contamos con recursos variados para levar a cabo as tarefas de ensino- aprendizaxe.

A maioría do alumnado ten como lingua materna o galego, o que comporta certas repercusións no ensino e desenvolvemento das destrezas comunicativas en castelán. Obsérvase certa reticencia á hora de expresarse oralmente en castelán e, como é lóxico, son numerosas as interferencias lingüísticas nas dúas direccións, do galego ao castelán e viceversa. Todas estas cuestións serán aproveitadas para un mellor coñecemento de ambas linguas a partir da reflexión conxunta e o establecemento de referencias e comparativas entre os dous códigos, propiciando sempre a reflexión interlingüística e o respecto e valoración da riqueza lingüística que supón a existencia de dúas linguas cooficiais na nosa Comunidade Autónoma.

Deste xeito, aproveitaremos esta condición, así como o carácter plurilingüe do noso centro para establecer relacións entre as distintas linguas e facilitar o coñecemento e a reflexión sobre elas e incidir na riqueza que este feito supón para o noso alumnado.

Por outra banda, tamén insistiremos no esforzo á hora de procurar o respecto por todas as linguas e evitar as interferencias, fundamentalmente entre galego e castelán.

Neste sentido, temos como propósito, actuar nestes puntos:

- O desenvolvemento das destrezas comunicativas orais e por escrito en castelán.
- O traballo para deslindar os códigos lingüísticos - galego e castelán- e promover o maior grao de corrección oral e escrita nos dous.

Partimos sempre da colaboración co Departamento de Lingua galega e Literatura, como en anos anteriores, á hora de crear un currículo integrado que fomente a competencia lingüística nas dúas linguas e evite a repetición de contidos; non esquezamos que o alumnado galego debe acabar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas cooficiais.

Por último, a colaboración entre todos os departamentos de linguas será constante, como en anos precedentes, á hora de unificar terminoloxía e fomentar a coherencia pedagóxica no ensino das linguas. A materia de Lingua castelá

e Literatura é impartida pola profesora M^a del Carmen Lages Padín, xefa de Departamento.

Polo que se refire ao alumnado que cursa 1^o de ESO no presente curso 2023-24, este nivel está integrado por un total de 20 alumnos e alumnas.

Partimos de distintos niveis curriculares, tal e como se amosa nos informes individualizados de 6^o de Primaria, ao que se suma un ritmo de traballo e rendemento tamén desigual no conxunto do alumnado de 1^o ESO.

En definitiva, debemos dicir que se trata dun grupo moi diverso no referente a intereses e hábitos de traballo e estudo.

Tendo en conta todas estas cuestións, e unha vez realizada a avaliación inicial, decidiranse as medidas que se consideren necesarias para atender á diversidade presente na aula.

1.3.- COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Nos primeiros días de actividade lectiva, o Departamento de Lingua castelá e Literatura comunicará a cada grupo de alumnos e alumnas a información básica recollida na presente programación sobre os obxectivos, contidos do curso, os criterios de avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de calificación, ademais dos materiais que se utilizarán na aula.

Esta información será entregada a cada grupo de alumnas e alumnos ao comezo do curso lectivo e estará a disposición de alumnado e familias ao longo do curso académico na páxina web do centro e través da aula virtual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¿Soy un bicho raro?	A comunicación. Unidades da lingua: as palabras. As maiúsculas. Aproximación á literatura e ás súas características principais. Esta primeira unidade comeza incidindo na importancia da lingua como vehículo para compartir gustos, intereses e emocións, para comprender mellor o entorno e para integrar e crear. O valor da lingua na comunicación nos seus deferentes soportes e a reflexión sobre os seus aspectos formais e estruturais articulan as aprendizaxes e as prácticas neste ámbito.	6	6	X		
2	Aires de familia	A lingua e os seus falantes. O significado das palabras. A letra b. Os recursos estilísticos. Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prexuízos lingüísticos. Desde esta perspectiva, abordaremos a importancia da diversidade da linguaxe e das linguas, a reflexión sobre a lingua e os seus falantes e as diferenzas entre sentidos e relacións de significado das palabras.	6	6	X		
3	Quiero ser...	O texto como unidade de comunicación. Facer un esquema. O substantivo. A letra v. Grandes temas da literatura. Esta unidade está orientada a identificar	7	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Quiero ser...	prexuízos e estereotipos de xénero no ámbito profesional, e a visibilizar as desigualdades entre homes e mulleres no eido laboral. Desde esta perspectiva, abordaranse os contidos desta unidade, na que se comezará falando das propias aspiracións laborais do alumnado, e debatirase sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.	7	7	X		
4	Des-conectados	Clases de textos. Escribir un correo electrónico. Os determinantes. A letra j. Os xéneros literarios. Nesta unidade vaise tratar de desterrar prexuízos sobre a falta de ferramentas informáticas das persoas maiores. Plantéxase a análise grupal de folletos sobre cursos destinados a maiores que queiran achegarse ás novas tecnoloxías. Esta situación sostense en dúas reflexións fundamentais: a análise crítica da composición, estrutura, contido e intención dos textos de folletos informativos e concienciación sobre a fenda que se establece entre as persoas novas e as maiores no referente ao acceso ás novas tecnoloxías e á alfabetización informática, e as súas consecuencias sociais e persoais.	7	8	X		
5	Brazos abiertos	A narración. Narrar unha experiencia persoal. Os pronomes. A letra g. Os personaxes literarios. Nesta unidade ponse en xogo a empatía do alumnado cara ás persoas que chegan desde outro país, as súas circunstancias e emocións. Para iso realizarán narracións que se centren na historia destas persoas. A finalidade é dobre: por unha banda, aplicaranse os coñecementos sobre a estrutura, os personaxes, e o contido dos textos narrativos, e por outra banda, mobilizaranse a intelixencia emocional e a empatía do alumnado sobre as circunstancias e o choque cultural entre as persoas de diferentes países.	8	8		X	
6	Se admiten animales	A noticia. Redactar unha noticia. O adxectivo. A letra h. A narrativa. Nesta unidade incídese na diferenza entre noticias verosímiles e noticias verdadeiras. Preténdese visibilizar a importancia e as consecuencias sociais da información veraz. Esta situación fundaméntase na reflexión crítica sobre o tratamento das noticias nos medios de comunicación e a análise sobre o contido, a estrutura, os obxectivos e os plantexamentos aos que	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Se admiten animales	reponden, prestando atención ao desenvolvemento do pensamento causal e alternativo do alumnado.	8	8		X	
7	Como en casa.	A descrición. Describir un obxecto. O verbo. Principios de acentuación. O conto. A presente unidade amosa como escenario un museo e incide na capacidade de observación e descrición e na súa importancia para obter e transmitir información. Por outra banda, motiva a descrición e a análise de cadros como práctica de aprendizaxe colectiva. Tomando como modelo un cadro famoso, o alumnado realizará por grupos as súas propias descricións. Deste xeito transversalízase a produción de textos descritivos, orais e escritos, vinculados á explicación de obras de arte. Incídese na interrelación entre a imaxe, o texto e a intención comunicativa da descrición da obra de arte. Ademais, mobilízanse e actívanse diversas competencias do alumnado para identificar diferentes formas e funcións da comunicación en distintos ámbitos.	8	10		X	
8	Nos movemos	A descrición de persoas e lugares. A conxugación verbal. Acentuación de ditongos e tritongos. O mito e a lenda. Nesta unidade partimos das propias aspiracións e desexos do alumnado sobre os lugares aos que lles gustaría viaxar. Deste xeito, preténdese motivar a reflexión sobre as súas inquedanzas e curiosidades, e a compartilas. Para iso, elaborarán, en grupos, unha pequena guía turística na que localizarán e exporán o máis destacado dun lugar elixido en base aos seus propios intereses. Preténdese desenvolver estratexias de busca, localización, estruturación e integración da información, e aplicación das aprendizaxes adquiridas sobre a descrición de lugares. Deste xeito, fóméntanse actitudes de interese e curiosidade por coñecer outros lugares e culturas, a importancia da interculturalidade e a fuxida de estereotipos culturais.	10	12		X	
9	Lo que leo	O diálogo. Participar nun coloquio. Outras clases de palabras. Acentuación de hiatos. A novela. Nesta unidade sitúanse os intereses e as experiencias literarias do alumnado no centro da aprendizaxe, fomentando a lectura no centro escolar. O alumnado participará no blog do club de	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Lo que leo	<p>lectura do centro, colaborando coa súa difusión e adoptando reponsabilidades; compartindo ideas e reflexionando de maneira empática e respectuosa sobre as preferencias e inereses dos demais pola lectura.</p> <p>Preténdese que o alumnado aplique os coñecementos adquiridos sobre a novela e as súas clases, e a importancia da lectura como fonte de aprendizaxe e de ocio compartido, desenvolvendo habilidades para o uso seguro, responsable e crítico das novas tecnoloxías e das redes sociais.</p>	10	8			X
10	Pasión por el deporte.	<p>A entrevista. Os sintagmas. A tilde diacrítica. A lírica.</p> <p>Ao longo desta unidade, proponse a reflexión persoal sobre a relevancia de obter a maior información posible a través de preguntas sobre un posible tema de interese, público ou privado.</p> <p>Suliñarase a importancia do dereito ao acceso e transmisión de información veraz, e a comunicala de maneira libre.</p> <p>Para iso, o alumnado debe representar na aula unha rolda de prensa para entrevistar a unha persoa elixida, desde os seus propios intereses, por algún aspecto profesional. Incídese, así, nos coñecementos adquiridos sobre o diálogo planificado e os tipos de entrevista, nas súas destrezas produtivas e nas súas capacidades comunicativas, profundizando nas actitudes de interese e curiosidade, e na importancia de facerse e facer preguntas reflexivas e críticas como fonte de coñecemento.</p>	10	10			X
11	No quiero bolsa	<p>Os textos prescritivos: as instrucións. A oración: suxeito e predicado. A coma. Estrofas e poemas.</p> <p>Esta unidade enfócase desde a empatía de ensinar algo a alguén que non o sabe, achegando ao alumnado á idea de que transmitir información, ademais de útil e necesario, tamén é unha emoción satisfactoria. Para iso, en parellas, elaborarán un texto prescritivo no que explicarán como xogar a un videoxogo elixido. Trátase de activar as pautas asimiladas para a produción oral e escrita de textos instrutivos.</p>	10	12			X
12	¡No es justo!	<p>A exposición. Clases de oracións. Os dous puntos. O teatro.</p> <p>Nesta última unidade do curso, plantéxase unha reflexión sobre a importancia de dar visibilidade ás persoas que denuncian a</p>	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	¡No es justo!	vulnerabilidade dos dereitos humanos en diferentes contextos históricos e lugares. Incídese na importancia da defensa dos dereitos humanos e dos valores democráticos en calquera contexto. especialmente na realidade xuvenil, como eixe fundamental na solución pacífica de conflitos. Para iso, o alumnado debe participar na creación dun vídeo biográfico, prestando atención ao desenvolvemento de habilidades creativas de deseño e gravación de vídeo. e ao uso responsable e coidadoso dos materiais tecnolóxicos.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¿Soy un bicho raro?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade e fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.	PE	60
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será quen de deducir o significado de palabras a partir de prefixos e sufixos vistos na clase e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utilizará de forma correcta as maiúsculas nos seus textos.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será quen, como mínimo, de comprender e explicar o concepto de literatura, a súa finalidade.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado será quen, como mínimo, de diferenciar literatura oral de literatura escrita aplicando a textos literarios concretos as características básicas de cada unha delas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será quen, como mínimo, de identificar a estrutura interna das palabras e aplicar os coñecementos sobre os lexemas e morfemas flexivos e derivativos.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, será quen de recoñecer os distintos elementos da comunicación e recoñecelos en textos, identificando as características da comunicación eficaz.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, as mudanza de categoría gramatical das palabras mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado, como mínimo, evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais e non verbais discriminatorios.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado participará de maneira activa na actividade inicial de presentación persoal e do centro, comprendendo o sentido global e a intención comunicativa do emisor.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves e sinxelos, será quen de valorar a calidade, a súa fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	O alumnado participará de maneira activa na elaboración dun vídeo- presentación do centro, adoptando hábitos de uso crítico, seguro e saudable das tecnoloxías da comunicación.	TI	40
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura.	O alumnado, como mínimo, discriminará a información útil e percibirá a diferenza entre información de opinión.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	o alumnado detectará, como mínimo, a linguaxe sexista nas Redes Sociais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	O alumnado participará de maneira activa nun debate sobre as vantaxes e desvantaxes das Redes Sociais.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado, de forma gradual, planificará os seus escritos e realizará sucesivos borradores de escritura.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, será quen de organizar a información en esquemas propios, reelaborándoa e adaptándoa aos seus traballos e respectando a propiedade intelectual.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado participará de maneira activa e proveitosa en pequenos traballos de busca de información a partir de guion e en diferentes soportes.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado, de maneira progresiva, será quen de revisar os seus textos e o seu caderno aplicando os coñecementos adquiridos nos distintos niveis da lingua.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado sempre utilizará o diálogo respectuoso como fórmula de resolución de conflitos en calquera ámbito.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado, en pequenos grupos, participará na creación do modo historia dun videoxogo do seu interese expoñéndoo ao resto da clase e mantendo actitudes de escoita activa e de cooperación coloquial e cortesía lingüística.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Como mínimo, cada alumno e alumna contribuirá á elección dun texto propio da literatura popular.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado, como mínimo, participará activamente en coloquios sobre os seus gustos lectores.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado, de maneira progresiva, será quen de incorporar procedementos básicos para enriquecer os seus textos procedentes de todos os coñecementos adquiridos nos distintos niveis da lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, de forma progresivamente autónoma, será quen de localizar información, selecciónala e contrastala de maneira guiada para a creación de textos breves e sinxelos, tendo en conta a súa fiabilidade, adoptando un punto de vista crítico e respectando a propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Aires de familia	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as linguas oficiais de España e comparar os trazos lingüísticos característicos do galego e do castelán.	PE	60
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, será quen de recoñecer en textos literarios sinxelos as principais figuras literarias interpretando a intención comunicativa do emisor.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado será quen, como mínimo, de definir e identificar as figuras literarias básicas.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado, como mínimo, revisará os seus textos facendo un uso adecuado da letra b.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado debe identificar, como mínimo, as diferenzas entre palabras monosémicas, polisémicas e homónimas.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado debe identificar as relacións de significado entre as palabras e ser quen, como mínimo, de aplicar o uso de sinónimos e hiperónimos para evitar repeticións.		
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado valorará a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e será respectuoso coas diferentes linguas e dialectos.	TI	40
6.- Ensino dixital, combinando as clases presenciais coa utilización da aula virtual e de diferentes recursos procedentes das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

7.- Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada área ten sentido de seu, na nosa materia propóñense actividades de dinámicas interdisciplinares que contribúan a unha aprendizaxe profunda e que permitan interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

8.- Integración de novos saberes: alfabetización informacional e competencias STEAM.

Partindo da enumeración anterior, queda claro que a materia de Lingua castelá e Literatura debe desenvolver, de xeito gradual e progresivo, as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave.

Para lograr este propósito, é necesario actuar tendo en conta as seguintes pautas:

- Partir sempre do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes.
- Diseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo.
- Aparellado ao anterior aspecto, é precisa a elaboración de actividades que leven asociado un proceso de

descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como de razoamento e de resolución lóxica de problemas.

- Loxicamente, será necesario empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos.

- Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: Aplicación de adaptacións curriculares significativas.

- Dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria.

- Agrupamentos flexibles.

- Actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Así pois, é evidente que, na materia de Lingua castelá e Literatura, a orientación vén dada polo espírito da Competencia en Comunicación Lingüística; isto implica un enfoque comunicativo que debe presidir todas as situacións de aprendizaxe; pero, ademais, para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar.

Acadaremos ese carácter relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias.

Neste sentido, a colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio fundamental para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación.

Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional.

Por último, debemos incidir na importancia das accións concretas xa que favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas colaborativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación oral e escrita, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais.

Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Este curso académico estarán relacionados co tema escollido polo centro: o bosque. Haberá un traballo colaborativo sobre aspectos relacionados con este tema en cada trimestre.

Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Haberá tamén unha exposición oral por trimestre relacionada con aspectos tratados sobre o bosque.

Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida,

recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización de obradoiros de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos, cartaces ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio, así como en entradas no blog do club de lectura do centro.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercicio de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos e incluírase, cada día, a busca da "palabra do día" no dicionario da RAE.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber, de xeito que, de maneira progresiva, o alumnado sexa quen de formar o seu propio itinerario lector.

Por último, debemos considerar que o enfoque competencial que marca o currículo impón unha adquisición de competencias e unha perspectiva funcional sobre a aprendizaxe. Máis que saber, trátase de saber facer, saber estar e saber ser; aplicar os coñecementos para a resolución dalgunha situación ou problema que permita ao alumnado captar a funcionalidade do que aprende. Só, así, se consegue a motivación efectiva dos alumnos e alumnas.

Así, pois, co obxectivo de conseguir unha mellor fixación das ideas e técnicas, as secuencias de aprendizaxe están organizadas segundo os seguintes criterios:

- Adecuación. Todo contido de aprendizaxe está íntimamente ligado aos coñecementos previos do alumno/a.

- Continuidade. Os contidos vanse asumindo ao longo do curso e da etapa.

- Progresión cíclica. Os contidos, unha vez asimilados, son retomados constantemente ao longo do proceso educativo, para que no sexan esquecidos.

- Aprendizaxe indutiva, a través de observacións, reforzando a adquisición de destrezas básicas, esquemas e estratexias persoais e colectivas, e adaptándose a grupos e a situacións diferentes. A guía deste proceso será o docente, quen poderá variar a súa técnica ao longo das distintas sesións, intervindo de maneira diversa: propoñendo actividades, abordando os contidos desde diferentes enfoques, tendo sempre presentes os avances e as dificultades dos alumnos e alumnas, dando indicacións e fomentando o espírito crítico.

- Integración e equilibrio. Os contidos seleccionados deben cubrir todas as capacidades que se enuncian nos obxectivos e criterios de avaliación. Prestarase atención prioritaria á expresión e comprensión oral e escrita, pois o texto é o principal recurso didáctico e o punto de partida de calquera reflexión lingüística. Tamén primarán a harmonía e o equilibrio no tratamento de conceptos, actitudes, normas e valores e, moi especialmente, teñen que traballarse os temas transversais.

A metodoloxía utilizada na nosa materia será dinámica e flexible, adaptándose ás necesidades, incidencias e

dificultades que xordan no día a día, e activa; variando distintas actividades; usando en cada sesión os espazos apropiados e reorganizando a disposición da aula en función das necesidades.

Ao final dos catro cursos que constitúen a Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que:

- O alumnado tome conciencia de que a linguaxe é unha capacidade universal e exclusiva dos seres humanos, que lles permite pensar, aprender e comunicarse cos seus semellantes.
- Saiba que as linguas son manifestacións diversas desa capacidade universal e que teñen que ser respectadas como parte da idiosincrasia fundamental dos pobos. Tamén deben tomar conciencia de que as linguas do seu entorno deben ser empregadas con corrección e que merecen o respecto por un mesmo, polos seus antepasados e polos seus concidadáns.
- Logre un claro progreso nas catro destrezas básicas e instrumentais das linguas: escoitar, falar, ler e escribir.
- Adquiera o seu gusto pola lectura e faga da mesma unha actividade cotiá.
- Dispoña dun vocabulario amplo que lle permita expresarse de forma oral e escrita con fluidez e precisión.

En definitiva, a metodoloxía utilizada debe ir encamiñada a axudar ao alumnado a adquirir a formación básica para unha comunicación eficaz nas súas relacións personais e inculcarlle actitudes positivas con respecto ao uso correcto e crítico da lingua. O obxectivo máis importante é o desenvolvemento dunha plena competencia de comunicación, que permita ao alumnado ser consciente de que as destrezas lingüísticas resultaranlle indispensables para o seu desenvolvemento persoal (intelectual e emocional) e social (facilitan o establecemento de vínculos e relacións construtivas cos demais e co entorno).

CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

Resulta evidente que a materia de Lingua castelá e Literatura, xunto coa de Lingua galega e Literatura son fundamentais para acadar estes obxectivos metodolóxicos nas demais e para servir de base ao traballo das outras materias no terreo da formalización dos coñecementos dos alumnos e alumnas nun entorno comunicativo adecuado á súa idade e desenvolvemento.

Neste sentido, téñense adoptado acordos no referente á terminoloxía que se empregará en cuestións conceptuais referidas a Gramática: morfoloxía, categorías gramaticais, temporalidade verbal, sintaxe (oracións, análise sintáctica) coa finalidade de non solapar contidos ni crear ambigüidade á hora de presentarllos ao alumnado e facilitar, así, a progresiva reflexión interlingüística.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual de Lengua Castellana y Literatura 1º ESO. Editorial Santillana. "Proyecto Construyendo Mundos"
Selección de fragmentos e obras de lectura obrigatoria (unha por trimestre) e opcionais, coas súas correspondentes guías de lectura.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos soportes e formatos.
Boletíns con actividades de reforzo, e apoio, ampliación e enriquecemento, avaliación, autoavaliación e recuperación.
Actividades interactivas, vídeos, presentacións incluídas no curso de LCL 1º ESO da aula virtual do centro.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Materiais de investigación e consulta facilitados a través de enlaces na aula virtual.
Emprego do debate como ferramenta que facilita a motivación e a capacidade de reflexión, de relación entre iguais, de colaboración e de respecto.
Utilización de dicionarios xerais de consulta, de dúbidas e de sinónimos e antónimos.
Participación no blog do club de lectura do centro.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.

Toda programación require uns materiais e uns recursos para poder levala á práctica. Intentaremos a este respecto rentabilizar o mellor posible todos os materiais e recursos que nos ofrece o centro e, para lograr este propósito, teremos en conta os seguintes aspectos:

- A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto.
- Deste xeito, adecuaranse ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transverbiais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso.
- Sen dúbida, o material escrito e audiovisual constituirá unha importante fonte de información. Neste sentido, a biblioteca convértese no lugar idóneo para a documentación e a elaboración de traballos, así como a adquisición de lecturas, tanto de coleccións da literatura xuvenil como de clásicos da literatura universal e hispánica. Xunto con esta, a aula de informática, permitirá completar o labor de busca de información sobre diferentes temas.
- Por outra banda, o curso de Lingua castelá creado para este nivel na aula virtual, permitirá o acceso a múltiple información: presentacións sobre contidos, enlaces a lecturas e páxinas de interese lingüístico e literario, actividades de reforzo e ampliación e material de apoio. Ademais, desde comenzo de curso, utilizarase gradualmente como medio de comunicación de noticias e avisos, a través dos foros, e como medio de entrega dalgunhas tarefas.
- Debemos engadir que moitas das explicacións serán de carácter oral, e para o seu aproveitamento, o uso da pizarra tradicional e a dixital supón un apoio indispensable tanto para o labor docente como para o alumnado á hora de corrixir exercicios, facer esquemas, etc.
- Ademais, debe abranguer unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Así pois, polo que se refire aos recursos organizativos, o agrupamento dos alumnos e alumnas variará segundo as actividades propostas:

- Grupo-clase: debates, actividades de lingua oral, visionado de vídeos, etc.
- Pequenos grupos ou parellas: creación de textos a partir dun guion dado, pequenos traballos de investigación e traballos colaborativos que se integrarán en UDIs. e traballo colaborativo trimestral sobre "o bosque". Exposición oral, con apoio audiovisual, ao resto do grupo-clase (a partir de guion previo e sobre temas relacionados co bosque).
- Individual: probas escritas, actividades de reforzo e ampliación, lectura individual, etc.

- Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Con todo o dito anteriormente, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia. (Situacións de aprendizaxe).

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>
Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
Ejercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

Na primeira semana de clase, haberá unha proba de diagnóstico escrita que constará de dúas partes:

A primeira parte centrarase na análise dun texto e recabará datos, maioritariamente, sobre comprensión lectora e grao de desenvolvemento da expresión escrita.

A proba xirará en torno á lectura do texto e a realización de actividades de resumo, reflexión persoal sobre o tema, identificación das ideas principais e secundarias e definición de termos.

A segunda parte será un cuestionario que recolla os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 6º de Primaria.

Respecto das destrezas de comprensión e expresión oral, o docente estará atento a todo o que observe na aula ao longo do curso académico e, en especial, nas sesións que abranguen ata as datas da avaliación inicial.

Como instrumentos que completan a avaliación inicial utilizaranse tamén:

- A revisión de Informes académicos dispoñibles do curso precedente e de cursos anteriores.
- A observación sistemática na aula.

2.- MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO RESULTADO DA AVALIACIÓN INICIAL.

2.1.- Descrición do grupo despois da avaliación inicial.

- Funcionamento do grupo (clima de aula, atención...).
- Fortalezas en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Necesidades identificadas e como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Fortalezas en canto aos aspectos competenciais.
- Desempeños competenciais prioritarios no grupo nesta materia.
- Aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e alumnas para os traballos colaborativos.
- Recursos necesarios a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

2.2.- Necesidades individuais.

- Identificación do alumnado que precise un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe, con especial atención a aquel que presente necesidades educativas.
- Identificación das medidas organizativas que se poidan adoptar.
- Planificación de reforzos
- Ubicación de espazos.
- Xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.
- Establecemento das conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar e sobre os recursos que se van empregar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	7	7	8	8	8	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse:

a) Proba/s escrita/s. Realizadas na aula sobre contidos específicos. (60%)

Corrección ortográfica: descontarase (-0,1) por grafía e (-0,05) por tildes, erros de concordancia e ausencia de marxes. Ata 1 punto como máximo en cada proba.

b) Traballos realizados dentro e fóra da aula, avaliados segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, observación directa na aula, etc). Inclúense neste apartado:

- Traballo colaborativo en parellas ou pequeno grupo sobre aspectos relacionados co tema do curso (o bosque): (10%)

- Libro de lectura obrigatoria (traballo sobre aspectos concretos da lectura ou proba específica): (10%)

- Producións orais: formulación de dúbidas, propostas de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, participación en debates, elaboración de exposicións orais por parellas ou pequeno grupo sobre temas concretos e con apoio audiovisual. (10%)

- Producións escritas: elaboración de textos de distinta tipoloxía, traballos de investigación, comentarios de texto, correcta presentación e elaboración do caderno. (10%).

Os traballos e o resto de producións escritas serán corrixiadas con rúbricas que xa inclúen a corrección ortográfica.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ter avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

Para establecer o redondeo á alza, só computarán como un enteiro adicional os decimais iguais ou superiores a 0,5 puntos.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame de recuperación final en xuño con data anterior á sesión de avaliación da terceira avaliación parcial e a final ordinaria. Esta recuperación versará sobre as partes suspensas da materia.

O peso desta proba na calificación é do 100%. Considerase superada a materia cando se obteña unha calificación

igual ou superior a 5 puntos.

Recuperación durante o curso.

O alumnado poderá recuperar os contidos suspensos por avaliación a través da realización dunha proba escrita que inclúa eses contidos.

A realización da recuperación da primeira e da segunda avaliación terá lugar en datas inmediatamente posteriores á avaliación correspondente e á entrega de notas da mesma. No caso da terceira avaliación, a recuperación dos contidos non superados terá lugar na devandita proba de recuperación de xuño.

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións. Neste caso, terase en conta a nota obtida nas recuperacións.

O período lectivo que vai desde as probas da terceira avaliación ata final de curso será dedicado a profundizar en aspectos do tema correspondente, segundo a temporalización da Programación Didáctica inicial, e a repasar cuestións que precisen un tratamento máis exhaustivo.

Para isto, realizaranse exercicios de consolidación; exercicios de ampliación e exercicios de reforzo. Estes últimos irán dirixidos aos alumnos e alumnas que teñan que recuperar a materia.

O alumnado será informado en todo momento da materia que deba superar.

En calquera momento do curso, o alumnado que non asista á realización dunha proba, deberá xustificar a súa falta de asistencia para poder realizala.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Somos conscientes de que as aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos.

O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa.

Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado.

Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo.

Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Para atender á diversidade na aula, en 1º de ESO, partiremos da análise dos seguintes datos:

- Os informes individualizados de 6º de Primaria.

- A información achegada polo profesorado do curso anterior.

- Os resultados da avaliación inicial do grupo, con especial atención ao alumnado que tivo medidas ordinarias de atención á diversidade (reforzo educativo) e ACS no curso anterior.

- A elaboración dun Plan para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

- A colaboración constante co Departamento de Orientación, PT e AL para a realización de Protocolos no caso de alumnado que os precise.

Unha vez realizada a avaliación inicial, e tendo en conta a información anterior, procederase á implantación das medidas pertinentes.

Ademais das medidas concretas que se adopten despois da avaliación inicial, desde o Departamento de Lingua castelá e Literatura procederemos a:

- Diseñar programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Plantexar actividades de aprendizaxe de distintos niveis de dificultade dentro do grupo- clase.
- Propoñer actividades e traballos individuais para que o alumnado poida traballar en función das súas capacidades de aprendizaxe.
- Acelerar ou ralentizar o ritmo de introdución de novos contidos e organízalos e secuencialos de formas distintas.
- Dar prioridade a uns núcleos de contidos sobre outros, primando os instrumentais nos alumnos e alumnas con máis dificultades de adquisición de competencias.
- Adaptar e flexibilizar os tempos nas probas e realización de actividades.
- Atención individualizada na clase.
- Utilizar materiais de reforzo, de consolidación e de ampliación adaptados aos distintos ritmos de aprendizaxe e nivel competencial.
- Os exercicios de consolidación aseguran o nivel mínimo esixible a todos os alumnos e alumnas.
- Os exercicios de ampliación están pensados para os que amosen un maior nivel competencial.
- Os exercicios de reforzo van dirixidos aos alumnos e alumnas que no acaden o nivel mínimo esixible.
- Organizar ao alumnado en grupos de traballo flexibles, pero diversos, para propiciar a axuda entre iguais.
- Axustar as probas de avaliación ás características do alumno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica dos conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo								X
ET.3 - Educación cívica e en valores	X			X	X	X		
ET.4 - Formación estética			X				X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde.	X			X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Prevención e resolución pacífica dos conflitos	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo		X	X	
ET.3 - Educación cívica e en valores			X	X
ET.4 - Formación estética	X			X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde.		X	X	

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia incorporará elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC. O debate será o instrumento escollido para abordar estes temas e utilizar a lingua como medio de resolución pacífica dos conflitos.

Promoveremos o respecto pola realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Galicia favorecendo unha consideración das linguas como instrumentos plenamente dotados para a comunicación de calquera tipo de contido: científico, humanístico, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no blog do club de lectura do centro	Con esta actividade propíciase a utilización do diálogo como fórmula de participación nas interaccións sociais, o respecto pola quenda de palabra, a convivencia pacífica, o traballo colaborativo e a formación estética.	X	X	X
Colaboración coas actividades propostas pola biblioteca.	Participación nas distintas actividades levadas a cabo pola biblioteca coincidindo coa celebración de datas importantes: Día das letras Galegas, Día do libro, día da poesía e do teatro.	X	X	X
Actividades relacionadas co tema escollido polo centro para este ano: o bosque.	Elaboración de textos de diferentes tipoloxías lingüísticas relacionadas co bosque: descrición de árbores, flora e fauna, textos expositivos sobre a situación dos bosques que permitan traballar os elementos transversais, textos argumentativos, noticias...	X	X	X
Creación de distintos tipos de textos literarios seguindo modelos propios de cada xénero e relacionados co tema do mar.	Creación de poemas, pequenas narracións, e breves escenas teatrais. Estas actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade e a formación estética.	X	X	X
Encontros autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de viva voz cales son os recursos utilizados polos escritores e escritoras para a creación e revisión dos seus textos literarios; permite que o alumnado participe en debates e coñeza as distintas motivacións á hora de creae unha obra literaria.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Acudir a unha representación teatral.	Con esta actividade preténdese que o alumnado coñeza o teatro como lugar da representacións dramáticas e poida presenciar, directamente, unha obra teatral.			X
Elaboración de distintos materiais para o comentario de obras literarias.	Elaboración de booktráilers, de recensións literarias e de podcast.	X	X	X
Lecturas en novos formatos dixitais.	Con esta actividade desenvólvense competencias lectoras diferentes ás do libro impreso e favorécese a creación do propio itinerario lector.	X	X	X

Observacións:

Moitas destas actividades desenvolveranse de maneira conxunta en varias unidades ao longo do curso e serán avaliadas en cada unha delas como quedou especificado no apartado de avaliación das devanditas UD.

Todas elas terán en conta as actuacións incluídas no Plan Anual de Lectura, no Proxecto de Educación Dixital do Centro e no Plan de Convivencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na PD. Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación tal e como se recolle na PD.

Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada UD, realizarase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado.
Ao comezo de cada unidade, informarase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se van realizar e como se avaliará.
Os contidos e actividades de cada UD parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.
O proceso levouse a cabo con fluidez.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de resumo, de análise e de redacción de borradores.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corrixióronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas UD e houbo espazo para a reflexión persoal e grupal sobre as mesmas.
Puxéronse en práctica as medidas para estimular o hábito lector.
Os instrumentos de avaliación proporcionan información pertinente e valiosa.
Desenvolvéronse procedementos de e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais variados.
Empregáronse os materiais e recursos programados.
Medidas de atención á diversidade
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos (individuais, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) e organización das actividades.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Deseñáronse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Clima de traballo na aula
Queda claro o enfoque competencial
Destacouse o desenvolvemento de comportamentos éticos.
A vinculación cos desafíos do século XXI e do desenvolvemento sostible están claros en cada UD.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado e ensinando estratexias comunicativas
Recoñece os esforzos do alumnado, non só os resultados

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Ao comezo de curso daranse a coñecer a través da aula virtual os criterios de avaliación e cualificación.

Realizáronse as actividades complementarias previstas.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

Reflectiranse os cambios, matizacións e implementacións que se aporten a esta programación na fase de supervisión de cada unidade diáctica unha vez finalizada e na avaliación final.

En definitiva, evaluarase o proceso de ensino-aprendizaxe para comprobar se os materiais, recursos didácticos e actividades propostas ao longo das unidades son correctos, ou en caso contrario, sustituílos por outros ou eliminalos. Por iso, unha vez rematada cada unidade, levarase a cabo a súa supervisión. Tras cada avaliación o Departamento fará unha análise dos resultados obtidos para detectar os problemas existentes no proceso de ensino-aprendizaxe e buscar as posibles solucións.

Ao finalizar o curso, reuniranse e incorporaranse todas as aportacións recollidas ao longo do proceso para ter en conta na programación do curso vindeiro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE LCL.

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionaráselle ao alumnado e ás familias un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación. O alumnado e as familias tamén poderán consultala a través da páxina web do centro e da aula virtual nos cursos creados para esta materia.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro (ademais dos recollidos no apartado 8.1):

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, a frecuencia de seguimento da Programación farase ao remate de cada unidade didáctica a través da

aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados, os logros acadados e as dificultades atopadas no proceso de ensino- aprendizaxe. Para este seguimento por unidade didáctica, partírase de todas as anotacións recollidas no diario de aula da docente.

Como acontecía no curso académico anterior, en 1º de ESO, no centro, contamos con catro horas lectivas na materia de Lingua castelá e Literatura. O programa PROENS só recolle tres, polo que os axustes na temporalización íranse efectuando ao longo do curso en cada unidade didáctica en función das necesidades que vaian xurdindo.

Como se recollía na supervisión da Programación do curso pasado, unhas veces será necesario dedicar algunha sesión máis e outras, menos, debido a esa hora a maiores que se designou no centro para LCL en 1º ESO. O mesmo sucede na materia de LGL, en 2º ESO.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma en cada unidade. A revisión levarase a cabo ao finalizar cada unidade en PROENS, tamén nas actas de reunión de Departamento, cunha frecuencia mensual e na valoración dos resultados académicos obtidos en cada unha das avaliacións.

Todos estes datos serán refleclidos nas actas de Departamento e na memoria final. Nesta memoria contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados